

FUNDACIÓN OLGA GALLEGO



CONCLUSIONES

II XORNADAS “OLGA GALLEGO” DE ARQUIVOS

Os arquivos da Administración local:
política, planificación e sistemas
fronte ao cambio

FUNDACIÓN
OLGA GALLEGO

CONCLUSIÓNS:

1. Os arquivos da Administración local son os máis próximos ao cidadán. Constitúen un elemento imprescindible para a xestión administrativa, a salvagarda dos dereitos dos cidadáns e a conservación do patrimonio histórico.
2. Os responsables das Administracións locais teñen a obriga de prover de recursos aos seus arquivos, para garantir o seu axeitado funcionamento.
3. A dotación de prazas de arquiveiro, nos seus diferentes niveis, e en función da poboación, economía e historia de cada municipio, deba ser unha prioridade dos responsables políticos da Administración local.
4. Deputacións e comunidades autónomas deben asumir, de ser o caso, as súas responsabilidades con respecto aos arquivos dos municipios a través de programas de mantemento integral que fomenten a contratación permanente de técnicos de arquivo con formación suficiente.
5. Censos e inventarios constitúen elementos de análise da realidade arquivística para poder planificar e establecer obxectivos e actuacións concretas, nos que deberan participar as deputacións provinciais, a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), ademais dos propios concellos. A súa actualización, publicación e difusión, preferentemente en formato dixital, constitúe unha obriga dos responsables das políticas arquivísticas das administracións que tutelan os arquivos locais.
6. O arquivo electrónico único constitúe unha oportunidade para que os arquiveiros da Administración local participen na xestión documental, non só electrónica, e para que se valore a importancia do arquivo na administración e para a cidadanía. Facemos un chamamento para que tomen conciencia da importancia de incorporarse ao proceso.
7. A formación dos profesionais dos arquivos da Administración local constitúe un obxectivo estratéxico para garantir un axeitado servizo en calquera escenario.
8. A cooperación entre administracións e entre os propios profesionais, a través de asociacións e grupos de traballo, resulta fundamental para a consecución do cumprimento integral das súas responsabilidades e funcións.

OLGA GALLEGGO

COMITÉ ORGANIZADOR

Pedro López Gomez

Isabel Buján Bernárdez

M^a del Mar García Miraz

Olimpia López Rodríguez

M^a Dolores Pereira Oliveira

Gabriel Quiroga Barro

COMITÉ CIENTÍFICO

Javier Barbadillo Alonso

Verónica Mateo Ripoll

Isabel Murillo García-Atance

Riansares Serrano Morales

Enrique Sotelo Resurrección

FUNDACIÓN
OLGA GALLEGGO


COLABORAN:



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

bAd
galicia

 **unayta**

 981 939 538

 unayta@unayta.es



DataLib

FUNDACIÓN
OLGA GALLEG0